



XUNTA DE GOBERNO

SESION EXTRAORDINARIA DE DOUS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE

(ACTA NÚMERO 14)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Ónega

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as dez horas do d3a **dous de abril de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n extraordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SEGUROS NECESARIOS PARA A COBERTURA INTEGRAL DA FLOTA DE EMBARCACIÓNS PROPIEDAD DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda retirar do Orde do Día o presente asunto para que sexa completado o seu expediente.

2.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS NECESARIAS PARA O FUNCIONAMENTO DAS RUTAS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL-EMBARCADOIRO DE DOADE) E OS PEARES (RÍO MIÑO-EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO) PARA A TEMPADA 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se recollen as seguintes consideracións xurídicas:

“Incóase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación das prestacións necesarias para o funcionamento das rutas dos encoros de Santo Estevo (Río Sil-Embarcadoiro de Doadé) e Os Peares (Río Miño-Embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2019.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.



Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

Recóllese na cláusula 2.2 do PCAP, que “o contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro”

O risco operacional non se traslada ao adxudicatario das prestacións licitadas, posto que a administración contratante abona o prezo destas prestacións con independencia da existencia ou non de usuarios.

O anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea o día 08 de febreiro de 2019. Na mesma data publícase anuncio de licitación xunto cos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas - e resto de documentación preparatoria - no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (aloxado na plataforma de contratos do sector público).

Recóllese no PCAP que o contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor calidade prezo, a teor do establecido no artigo 156 da LCSP, excluindo toda negociación dos termos do contrato cos licitadores. Tal e como dispón o artigo 22.2 da LCSP, desenvolto pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro a contratación está suxeita a regulación harmonizada, sendo que o valor estimado é de 586.776,86 euros.

A mesa de contratación reúnese o día 11-03-2019. Neste acto, segundo consta na acta que obra no expediente, en primeiro lugar, deuse conta, que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:



Tendo en conta que as cinco empresas concorrentes presentaron dentro do prazo estipulado a súa proposta, procédese á apertura e exame dos sobres “A” presentados dixitalmente a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, cos seguintes resultados:

LICITADOR	ANEXO I
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	Sí
HEMISFERIOS S.L.	Sí
NOVAS RUTAS LEMOS RS SL	Sí
SERVIPLUS TOTAL S.L.	Sí
VIAJES ILLA DE ONS S.L.	Sí

Resultando que a documentación presentada polas cinco empresas concorrentes, se axusta en todo o seu contido aos requisitos mínimos esixidos no prego de cláusulas administrativas, a mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas.

Acto seguido procédese á apertura dos sobres B. En relación ao contido do mesmo, a cláusula 10 do PCAP, sinala textualmente que:



“As ofertas técnicas presentadas polos licitadores deberanse desenvolver con claridade e de forma resumida, concreta e concisa e con inclusión diferenciada de tódolos apartados a valorar. Ademais, teranse en conta os seguintes criterios:

A documentación presentarse en soporte dixital en ficheiros compatibles coas ferramentas de Microsoft Word 2007 ou Adobe Acrobat Reader 7.0.

As ofertas técnicas non poderán superar as 25 páxinas tamaño A4 incluíndo índice e portada e deberán presentarse en letra Arial tamaño 11 e interliñado 1,5. A oferta deberá estar paxinada, datada e asinada, contando cun índice detallado.

Este máximo de 25 páxinas en total será aplicable aos apartados de presentación do programa de actividades a bordo, programa de mellora de accesibiliade, plan de calidade e plan de mantemento de embarcacións e pantaláns.

Á marxe deste documento, os licitadores deberán presentar a unidade didáctica definitiva en canto a contidos e deseño dirixida a escolares de 1º da ESO tamén en formato dixital .

Durante o proceso de valoración das ofertas será motivo de exclusión a non presentación de toda a documentación nos formatos indicados anteriormente, coas salvidades establecidas para a unidade didáctica”.

Verificado que as ofertas presentadas polas empresas concorrentes cumpren os requisitos de formato, a Mesa de contratación, acorda facer entrega ao Servizo de Turismo das mesmas, aos efectos de que se emita o correspondente informe de valoración dos criterios non avaliábles automaticamente mediante fórmulas matemáticas, consonte o recollido na cláusula 16.2 do PCAP.

Na data do 25 de marzo de 2019, réunese novamente a mesa de contratación. Neste acto, segundo consta na acta que obra no expediente, pola Presidencia, dáse conta, en primeiro lugar do informe técnico emitido por D. Víctor Vale Varela, no que se estudan pormenorizadamente os criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valor, e no que se outorgan as seguintes puntuacións:

	ACCIONA FACILITI SERVICES S.A.		HEMISFERIOS S.L.		NOVAS RUTAS LEMOS RS SL		VIAJES ILLA DE ONS S.L.		SERVIPLUS TOTAL S.L.	
	SUBTOTAL	TOTAL	SUBTOTAL	TOTAL	SUBTOTAL	TOTAL	SUBTOTAL	TOTAL	SUBTOTAL	TOTAL
Grado de adecuación das propostas á idiosincrasia da Ribeira Sacra e da provincia de Lugo (máximo 5 puntos)	5		5		4,75		5		3	
Grado de viabilidade das propostas tendo en conta a súa natureza e as características das embarcacións (máximo 5 puntos)	5		3,5		4		4		2,5	
Grado de orixinalidade do conxunto do programa (máximo 2 puntos)	0,5		1,75		1		0,5		1	
Programa de actividades que contribúa a facer os percorridos de volta máis atractivos nas embarcacións de Doade e Belesar (máximo 12 puntos)		10,5		10,25		9,75		9,5		6,5
Programa de melloras que axuden a facer da ruta dos encoros un produto turístico máis accesible para as persoas que presenten capacidades diferentes a nivel físico, cognitivo e/ou sensorial (máximo 3 puntos)		3		1,5		0,75		1		3
Adecuación técnica dos obxectivos (máximo 4 puntos)	4		3		2		1		4	
Grado de detalle nas relación de indicadores de calidade que se medirán a nivel interno e externo (indicadores a valorar) (máximo 4 puntos)	4		1		1		1		4	
Adecuación das ferramentas de avaliación propostas (máximo 4 puntos)	4		2		1		1		3,5	



Presentación dun plan de avaliación da calidade das rutas fluviais (máximo 12 puntos)		12		6		4		3		11,5
Desenvolvemento dun plan de mantemento das embarcacións e dos pantaláns (máximo 6 puntos)		6		6		0		4		6
A adecuación dos contidos aos valores do territorio (máximo 4 puntos)	3		4		0		0		4	
A adecuación dos contidos ao nivel académico dos alumnos (máximo 4 puntos)	4		4		0		0		4	
A calidade do deseño da unidade didáctica (máximo 2 puntos)	1		2		0		0		1,5	
A orixinalidade e o atractivo dos recursos empregados para o deseño das actividades (máximo 2 puntos)	1		2		0		0		1,5	
Elaboración dun programa didáctico e de sensibilización que teña por obxecto a transmisión dos valores do territorio ás xeracións máis novas (máximo 12 puntos)		9		12		0		0		11
TOTAL		40,5		35,75		14,5		17,5		38

Acto seguido procédese á apertura dos sobres C, resultando que a empresa NOVA RUTAS LEMOS RS S.L. e SERVIPLUS TOTAL S.L. presentan o Anexo IV sin conformar pola representación dos traballadores da empresa, ou por dous traballadores debidamente identificados no caso de non ter representante dos traballadores, conforme ao establecido nos artigos 61 e seguintes do Estatuto dos Traballadores e na cláusula 12.2 do PCAP.

A mesa de contratación califica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade admitir provisionalmente as dúas propostas, coa condición suspensiva de que se enmende o erro detectado no prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción

do requirimento feito a tal fin, aplicando supletoriamente o disposto no artigo 141 da LCSP. Aportada a documentación proseguirase coa tramitación.

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e ao disposto na cláusula 13.1 e 13.2 do PCAP, procédese á valoración do contido dos sobres C, cos seguintes resultados:

NOTAS CRITERIO PREZO MÁXIMO 50 PUNTOS		
LICITADOR	OFERTA	NOTA
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	599.120,77	41,03
HEMISFERIOS S.L.	603.790,00 €	39,30
NOVAS RUTAS LEMOS RS SL	699.900,00 €	3,74
SERVIPLUS TOTAL S.L.	574.871,00 €	50,00
VIAJES ILLA DE ONS S.L.	676.188,26 €	12,51

NOTAS FOMENTO CONTRATACIÓN INDEFINIDA MÁXIMO 3 PUNTOS		
LICITADOR	% OFERTA	NOTA
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	72,23	2,17
HEMISFERIOS S.L.	100,00	3,00
NOVAS RUTAS LEMOS RS SL	0,00	0,00
SERVIPLUS TOTAL S.L.	25,23	0,76
VIAJES ILLA DE ONS S.L.	50,00	1,50

NOTAS CRITERIO FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMININA MÁXIMO 2 PUNTOS		
LICITADOR	% OFERTA	NOTA
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	52,65	1,05
HEMISFERIOS S.L.	50,00	1
NOVAS RUTAS LEMOS RS SL	42,86	0,86
SERVIPLUS TOTAL S.L.	47,04	0,94
VIAJES ILLA DE ONS S.L.	100,00	2



NOTAS TOTAIS			
LICITADOR	NOTAS SOBRE B	NOTAS SOBRE C	TOTAL
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	40,50	44,25	84,75
HEMISFERIOS S.L.	35,75	43,30	79,05
NOVAS RUTAS LEMOS RS SL	14,50	4,60	19,10
SERVIPLUS TOTAL S.L.	38	51,70	89,70
VIAJES ILLA DE ONS S.L.	17,5	16,01	33,51

Á vista dos resultados da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade, publicar na plataforma de contratación do sector público ditos resultados e elevar ao órgano de contratación, sempre que se subsanen os erros detectados, a seguinte proposta de resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	SERVIPLUS TOTAL S.L.	89,70
2	ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	84,75
3	HEMISFERIOS S.L.	79,05
4	VIAJES ILLA DE ONS S.L.	33,51
5	NOVAS RUTAS LEMOS RS SL	19,01

Requirir á empresa SERVIPLUS S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Tendo en conta que tanto a empresa NOVA RUTAS LEMOS RS S.L., como a empresa SERVIPLUS TOTAL S.L. subsanaron o defecto detectado pola mesa de contratación o día 26 de marzo de 2019, procedeuse a continuar co procedemento.

Por resolución da Presidencia de data 28 de marzo de 2019, acéptase a proposta feita pola mesa de contratación o día 25 de marzo de 2019, e consecuentemente clasificouse aos licitadores presentados por orde de importancia e ponderación e acordouse requirir á empresa SERVIPLUS

S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. Na mesma data o Servizo de Contratación e Fomento cursou os pertinentes requirimentos.

O día 29 de marzo de 2019 a empresa SERVIPLUS TOTAL S.L. atendeu ó requirimento de documentación administrativa efectuado complementado con documentación achegada o 01 de abril de 2019.

A cláusula 3 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares establece que o órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial”.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que a empresa SERVIPLUS TOTAL S.L., aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o contrato de servizos licitado para executar as prestacións necesarias para o funcionamento das rutas dos encoros de Santo Estevo (Río Sil-Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (Río Miño-Embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2019, a favor da empresa SERVIPLUS TOTAL S.L., actuando como representante da mesma D. Miguel Leal Eimil, por importe de 475.100,00 euros, aos que se engadirán 99.771,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 574.871,00 euros, cunha vixencia que se extenderá ata o día 08 de decembro



de 2019, desde a acta de inicio da prestación. A prestación executarásese nos termos fixados no PCAP, no PPT e respetando en todo caso as melloras ofertadas polo adxudicatario.

2º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos de resolución contractual do artigo 211.1.f, en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.

O deber de entregar á administración contratante, antes de comezar a execución do contrato, a respectiva cadea de mando, debidamente detallada, cos respectivos protocolos empresariais para o exercicio da dirección e organización que lle incumbe como empregadora e adxudicataria.

O adxudicatario designará de entre o seu persoal un responsable do contrato que será o interlocutor con quen se relacionará unicamente a entidade contratante e a quen lle corresponderá a dirección do traballo, e que impartirá directamente as ordes e instrucións ao resto de traballadores da empresa adxudicataria.

b) O cumprimento das condicións ofertadas polo adxudicatario segundo os criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda do PCAP.

c) O cumprimento das obrigacións do contratista respecto dos medios persoais adscritos a execución do contrato, en aplicación do artigo 76 da LCSP e do PCAP.

O contratista terá ao seu cargo o persoal necesario para a realización das prestacións que conforman o obxecto deste contrato, segundo o disposto na cláusula 5 do PPT adscribirá á execución do contrato como mínimo ao seguinte persoal:

CATEGORÍA	PERÍODO DE TRABALLO	Nº DE TRABALLADORES
CAPITÁN	Tempada completa	2
CAPITÁN	Meses de xullo, agosto e setembro	1
CAPITÁN	Meses de xullo, agosto e setembro, reforzos de fins de semana en Doade nos meses de maio e outubro, luns e martes de xuño, eventuais rotacións por turnos e/ou vacacións.*	1
MARIÑEIRO	Tempada completa	2
MARIÑEIRO	Meses de xullo, agosto e setembro	1
MARIÑEIRO	Meses de xullo, agosto e setembro, reforzos de fins de semana en Doade nos meses de maio e outubro, luns e martes de xuño, eventuais rotacións por turnos e/ou vacacións.*	1
AZAFATO/GUÍA	Tempada completa	2
AZAFATO/GUÍA	Meses de xullo, agosto e setembro	1
AZAFATO/GUÍA	Meses de xullo, agosto e setembro, reforzos de fins de semana en Doade nos meses de maio e outubro, luns e martes de xuño, eventuais rotacións por turnos e/ou vacacións.*	1
INFORMADOR TURÍSTICO	Tempada completa	3
INFORMADOR TURÍSTICO	Meses de xullo, agosto e setembro e eventuais rotacións/substitucións.*	1
COORDINADOR EQUIPO	A determinar polo contratista para toda a tempada. No caso de que o coordinador sexa algunha das persoas que compoñen as tripulacións ou ben algúns dos informadores turísticos, deberá ter dedicación exclusiva para o Servizo de Rutas.	
PERSOAL DE SEGURIDADE		

Respecto deste persoal lle corresponderá, a todos os efectos, a condición de empresario. O persoal que interveña na execución do contrato dependerá exclusivamente do contratista. Do eventual incumprimento das súas obrigacións legais ou contractuais non se derivará responsabilidade algunha para a Administración.

A empresa, deberá facilitar ós/ás traballadores/as roupa e equipos de traballo adecuados ás tarefas que desenvolvan, debendo identificar á empresa que realiza a actividade así como ao empregado (ver cláusula 5.5 do PPT).

O contratista asume a obrigación de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal da súa plantilla adscrito á execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario.



O contratista deberá cumprir co Convenio Colectivo do sector que resulte de aplicación (de ser o caso por analogía) e as súas posibles modificacións ou revisións e, en todo caso, á normativa laboral e social de aplicación.

En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigacións legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións cando preceda, as obrigacións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigacións se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

Así mesmo, quedará obrigado a proceder de inmediato, cando iso fose necesario, á substitución do persoal preciso, de forma que a adecuada execución do contrato quede garantida, podendo proceder a Administración en caso contrario a impor as penalidades que correspondan, de conformidade co sinalado no presente Prego. Corresponde así mesmo á empresa contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

Consonte ao establecido no artigo 308 da LCSP á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade contratante.

En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral ou funcional entre o persoal que aporte ou utilice o contratista e a administración pública contratante e/ou titular do servizo. Por conseguinte, en ningún caso, poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal, en relación coa Administración contratante. Nunca se producirá consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade provincial ou dalgún dos concellos titulares dos servizos.

d) Cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

A empresa deberalle achegar ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais da Deputación Provincial de Lugo, con carácter previo ao inicio da prestación, a seguinte documentación:

- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa: No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto. No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución. Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

A Deputación, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por ela, non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

A adxudicataria garantirá que os traballadores adscritos as prestacións obxecto do contrato ao que se refire o presente Prego teñen a formación e capacidades necesarias para facerse cargo destas funcións.

e) Obrigación de pago dos salarios aos traballadores adscritos á execución do contrato.

O adxudicatario, ten a obriga de aboar, durante toda a execución das prestacións contratadas os salarios, aos traballadores que estiveran participando na súa execución, conforme as condicións establecidas nos Convenios colectivos sectoriais en vigor, que lles resultan de aplicación, incluso por analoxía, durante a execución do contrato.



O contratista terá a obriga de acreditar cada tres meses, a contar desde a data de inicio das prestacións, e así sucesivamente con esta cadencia temporal que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato.

Para efectuar esta acreditación debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. Os documentos “TCs” aportaranse unha vez vencido o prazo para satisfacer as obrigas coa seguridade social nunha cadencia temporal de tres meses, a fin de compatibilizar o exercicio deste control sobre unha obriga contractual cualificada como esencial e o período medio de pago a contratistas.

A Administración resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento.

En todo caso a documentación precedente presentarase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

As condicións especiais de execución enunciadas e cualificadas como obrigas contractuais esenciais, resultan igualmente aplicables aos subcontratistas que podan efectuar prestacións consonte ao previsto neste PCAP.

É condicións especial de execución: comprobación de pagos a subcontratistas ou subministradores (artigo 217 da LCSP).

- Cada contratista ten a obriga de remitir ao órgano de contratación a documentación xustificativa dos pagamentos aos subcontratistas e/ou subministradores que participen no contrato (cláusula 30) dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación.

- De conformidade co establecido no artigo 202.3 e apartado 1 do artigo 192 da LCSP o incumprimento desta obriga, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico,

permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, que se graduarán, en función da gravidade do incumprimento, sen que podan superar cada unha delas o 0% do prezo do contrato (IVE excluído), nin o total delas o 50% dese prezo (IVE excluído) conforme ao artigo 192.1 da LCSP”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte e dous minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.